

## LINGUA

### REGUEIFESTA

*12 de maio, 10.30 horas no Auditorio de Galicia.*

Encontro entre regueifeiros de toda Galicia e bertsolaris do País Vasco, dinamizado por Alba María, Josinho da Teixeira, Séchu Sende e Manolo Maseda. No marco da Regueifesta entregaranse os premios do certame “Enreguéifate”, convocado polo Concello.

### CONTO VIAXEIRO

*Ao longo de todo o mes de maio.*

*Colexios López Ferreiro, Mestre Rodríguez Xixirei, Monte dos Postes, San Paio-Enma, San Jorge e Colexio Plurilingüe Vilas Alborada.*

Iniciativa do Departamento de Lingua dirixida ao alumnado de segundo de Educación Primaria.

*Toda a información no blog [contoviaxeiro.santiagodecompostela.gal](http://contoviaxeiro.santiagodecompostela.gal)*

### FOTOLINGUA

*Do 8 ao 29 de maio.*

Concurso para poñer en valor os establecementos comerciais que utilicen o galego. Para participar só é preciso publicar fotografías destas empresas a través do Facebook ou Instagram de #Fotolingua.

*O nome dos gañadores coñecerase o 31 de maio.*

### YOUTUBEIR@S

*Gala final: 26 de maio, 20.00 horas no Teatro Principal de Ourense.*

Concurso de Vídeos na Rede organizado polos servizos de Normalización Lingüística de once concellos galegos, entre eles Santiago, e das tres universidades.

# LETRAS GÁLEGAS 2017 CARLOS CASARES



Todas as actividades en [santiagodecompostela.gal](http://santiagodecompostela.gal)

## ACTO INSTITUCIONAL

**16 de maio, 19.30 horas na praza Carlos Casares, en San Lázaro.**

Lectura de fragmentos da obra de Casares por parte da veciñanza e actuación da Banda Municipal de Música.

## VISITA GUIADA

### “CARLOS CASARES E COMPOSTELA”

**Do luns 15 ao venres 19 maio, saída desde a Praza de Mazarelos.**

Paseo para descubrir os lugares de Compostela vinculados a Carlos Casares, como a Facultade de Filosofía e Letras ou a sede do Consello da Cultura Galega.

*Os días 15, 16, 18 e 19 de maio, ás 19.30 horas*

*O 17 de maio, ás 17.00 horas e ás 20.00 horas*

*Duración: 1 hora e media aprox. Máximo de participantes: 30 persoas*

*Inscripción: [info@auditoriodegalicia.org](mailto:info@auditoriodegalicia.org)*

## MÚSICA

### OS D´ABAIXO

**16 de maio, 22.00 horas no Teatro Principal.**

Os d'Abaixo presentan en Santiago o seu novo disco “Quisiera ser dos paxaros”.

*Entradas: 6 euros*

*Á venda na billeteira do Teatro Principal e, ata o 14 de maio, na Gramola Café e no bar A Capilla (Calo)*

### VERMÚ DAS LETRAS

**17 de maio, 13.30 horas na Praza do Toural.**

Actuación de Xoán Curiel e Sérgio Tannus.

### CONCERTO DAS LETRAS COA REAL FILHARMONÍA DE GALICIA

**18 maio, 20.30 horas no Auditorio de Galicia.**

Concerto da Real Filharmonía de Galicia, dirixida por Maximino Zumalave, en colaboración co Coro Novo da Orquestra Sinfónica de Galicia e cun programa relacionado coa literatura galega e con Carlos Casares.

*Entrada libre ata completar aforo*

## EXPOSICIÓN OS MUNDOS DE CARLOS CASARES

**Desde o 30 maio, 19.00 horas na Zona “C”.**

Exposición itinerante da Fundación Carlos Casares, comisariada por Gustavo Adolfo Garrido e Chus Martínez Domínguez.

*Entrada libre. Horarios: de martes a sábado de 16.00 a 20.00h, domingos de 14.00 a 19.00h, luns pechado.*

## TEATRO

### A GALIÑA AZUL

**16 de maio, 10.00, 11.00 e 12.00 horas no Teatro Principal.**

Ubú Teatro representa a obra “A Galiña Azul”, de Carlos Casares, en tres sesións para escolares.

## CENTROS SOCIOCULTURAIS

### PUNTO DE ENCONTRO CON CARLOS CASARES

**Nos CSCs de Fontiñas, Conxo, Santa Marta e Vite.**

Un lugar no que atopar libros de Carlos Casares, marcapáxinas con datos biográficos do autor, ou fotografías.

### TIRA GRÁFICA XIGANTE

**Nos CSCs de Fontiñas, Conxo, Santa Marta e Vite .**

Creación dunha viñeta xigante coa ilustradora Eva Rieiro, na que se representarán momentos significativos na vida de Casares.

### AULAS DE XOGO

**Nos CSCs do Castiñeiriño, Conxo, Santa Marta, Fontiñas e Vite.**

Actividades dirixidas por Anxo Fariña, con xogos, teatro e contacontos para achegar os nenos e nenas á figura de Carlos Casares.

## REDESCUBRIMOS A CARLOS CASARES

Os clubs de lectura da Rede de Centros Socioculturais dedicarán especial atención ao autor homenaxeado e á súa obra.

*Os horarios das actividades poden consultarse en cada centro sociocultural*